

O día 23 de marzo de 2020 ás 11:00 horas estaba prevista a celebración dunha poxa de madeira na sala de conferencias do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra.

O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo de 2020 (BOE núm. 67, do 14 de marzo de 2020), polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, suspende os prazos administrativos na súa disposición adicional terceira.

A Resolución de 20 de maio de 2020, do Congreso dos Deputados (BOE núm. 145, do 23 de maio de 2020), pola que se ordena a publicación do Acordo de autorización da prórroga do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, no seu apartado décimo, derroga a disposición adicional terceira este último e retoma o cómputo dos prazos suspendidos con efectos dende o 1 de xuño de 2020.

A resolución da Secretaría Xeral Técnica, da Consellería do Medio Rural do 19 de decembro de 2019 (DOG núm. 19, do 29 de xaneiro de 2020), modificada pola Resolución do 30 de xaneiro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural (DOG núm. 29, do 12 de febreiro de 2020) establece que a poxa se celebre o 18º día hábil, contado a partir do termo do prazo de presentación de ofertas.

Tendo en conta que os prazos se suspenderon o 13º día hábil, a poxa terá lugar o día 5 de xuño de 2020 as 11:00 horas na sala de conferencias do edificio administrativo da Xunta de Galicia, Avenida María Victoria Moreno 43 de Pontevedra.

Por motivos de seguridade sanitaria e de aforo da sala, só poderán asistir dúas persoas como máximo por empresa participante, provistos de máscara e será indispensable que comuniquen cun mínimo de 24 horas de antelación a súa identidade ao servizo de Montes de Pontevedra.

Pontevedra

A xefa do Servizo

Amalia Elsa Pazos Pintos

